



ANEXO III

2018/CP/002

CONVOCATORIA DE CONTRATACIÓN**AXUDA**

Referencia: Beca Leonardo a Investigadores y Creadores Culturales 2017, Fundación BBVA

Título: Extracción automática de equivalentes multilingües de colocacións.

CENTRO: Facultade de Filoloxía

OBXECTO DO CONTRATO:

Colaborador/a nas tarefas do (proxecto/convenio) de investigación que se indica.

LUGAR E HORARIO: Facultade de Filoloxía, de luns a venres.

GRUPO DE COTIZACIÓN NO RÉXIME XERAL DA SEGURIDADE SOCIAL: Grupo 1

CATEGORÍA PROFESIONAL *(ACORDO DO 17 DE NOVEMBRO DE 2014 SOBRE O PERSOAL CONTRATADO CON CARGO AO CAPÍTULO VI DOS ORZAMENTOS DA UDC)

Investigador asociado ☐* Investigador en formación ☐

* Require matrícula programa doutoramento SUG

Técnico de apoio á investigación ☒Axudante de apoio á investigación ☐Técnico administrativo ☐Axudante administrativo ☐

XORNADA

Tempo Completo: ☒Tempo Parcial: ☐

DURACIÓN

11 meses

DATA APROX. DE INICIO

15/02/2018

RETRIBUCIÓN BRUTAS : 1462,5

PARTIDA ORZAMENTARIA: 6130490046.541A.6490200

* O pagamento da retribución realizarase en 12 mensualidades (inclúese en cada mensuralidade a parte proporcional de paga extraordinaria correspondente)

REQUISITOS

TITULACIÓN: Licenciatura/Grao e Máster en Lingüística, Filoloxía, Linguas e Literaturas ou equivalente.

EXPERIENCIA: Ver memoria da convocatoria

REQUISITOS: Os requisitos deben terse cumprido no momento de finalizar o prazo de presentación de solicitudes.

LUGAR DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES E DOCUMENTACIÓN

LUGAR: e-mail do investigador principal: marcos.garcia.gonzalez@udc.gal

PRAZO: 15 días naturais desde a publicación no taboleiro de anuncios da sede electrónica da UDC

ÓRGANO DE SELECCIÓN E PUBLICACIÓN RESOLUCIÓN

ÓRGANO: Investigador Principal do proxecto: Marcos Garcia González

LUGAR DE PUBLICACIÓN DA RESOLUCIÓN: Taboleiro de Anuncios do Departamento de Letras

A Coruña/Ferrol, 11 de xaneiro de 2018

O/A INVESTIGADOR/A PRINCIPAL

Asdo.: Marcos Garcia González

Documentación que debe presentar o solicitante:

1. Fotocopia D.N.I.
2. Fotocopia da titulación académica.
3. Curriculum vitae.

*Acordo sobre clasificación profesional, condicións de traballo e marco de referencia da representatividade laboral do persoal contratado con cargo a proxectos e convenios de I+D+I financiados a través do capítulo VI dos orzamentos da UDC. Asinado o 17/11/2014 entre a UDC e os sindicatos CCOO e CIG

Memoria de contrato con cargo à *Beca Leonardo a Investigadores y Creadores Culturales 2017, Fundación BBVA.*

O presente contrato fai parte do proxecto “Extracción automática de equivalentes multilingües de colocacións”, financiado pola Fundación BBVA a través da *Beca Leonardo a Investigadores y Creadores Culturales 2017*. O proxecto desenvólvese no Grupo LyS da Universidade da Coruña desde setembro de 2017 até marzo de 2019.

A persoa beneficiaria deste contrato desenvolvería e colaboraría nas seguintes tarefas:

- Compilación e clasificación de corpus paralelos e comparábeis en portugués, español e inglés.
- Aliñamento e procesamento automático dos corpus.
- Extracción de candidatos a colocacións monolingües e avaliación de medidas de asociación para a identificación de colocacións.
- Creación de modelos bilingües de semántica distribucional e avaliación de modelos monoléxicos e composiciónais.
- Fusión de colocacións candidatas, e aliñamento bilingüe (e multilingüe por transitividade) das colocacións obtidas.

Duración estimada e características do contrato:

A duración estimada é de 11 meses, do 1 de febreiro de 2018 até o 31 de decembro de 2018. O contrato é a xornada completa e ten unha retribución bruta mensual de 1462,5€.

Requisitos dos candidatos:

Licenciatura/Grao e Mestrado en Lingüística, Filoloxía, Linguas e Literaturas ou equivalente. Ser falante nativo de polo menos unha das linguas de estudo do proxecto (portugués, español e inglés), e ter coñecementos das outras dúas.

Criterios de selección:

- Expediente académico da Licenciatura ou Grao: até 10 puntos (5 se a media é de 5–7; 7 se é de >7–9; 9 se é maior que 9; 10 se ten premio extraordinario). Farase a equivalencia se os estudos usan outra escala.
- Relación dos estudos do Mestrado co proxecto, e expediente do Mestrado: até 10 puntos (5 se a media é de 5–7; 7 se é de >7–9; 10 se é maior que 9). Farase a equivalencia se os estudos usan outra escala.
- Título de doutor relacionado co proxecto: até 5 puntos (5 se ten premio extraordinario; 4 se ten a máxima cualificación; 3 nos outros casos).

- Coñecementos das linguas do proxecto diferentes da lingua nativa (ou ser falante nativo en máis dunha das linguas do proxecto): até 5 puntos por cada unha (5 se se demostra C1 ou superior; 4 B2; 2 B1).
- Coñecementos de galego (Celga): até 5 puntos (Celga 5, 5 puntos; Celga 4, 4 puntos).
- Publicacións científicas relacionadas co proxecto: até 10 puntos (2 puntos por cada publicación con revisión por pares relacionada co proxecto).
- Participación en proxectos de investigación relacionados co procesamento das linguas naturais: até 10 puntos (2 puntos por cada ano de participación).
- Coñecementos de edición de textos, linguaxes de marcación (XML, HTML, etc.) e ferramentas de lingüística de corpus: até 5 puntos (0,5 puntos por cada 20h de cursos ou seminarios).
- Coñecementos de semántica distribucional e/ou *word-embeddings*: até 5 puntos (2 puntos por cada publicación científica relacionada; 1 punto por traballos ou recursos públicos).
- Coñecementos de liña de comandos *unix* e *bash scripting*: até 10 puntos (1 punto por cada 20h de cursos ou seminarios).
- Coñecementos de programación en linguaxes de *script* (*perl*, *python*, etc.) e expresións regulares: até 10 puntos (1 punto por cada 20h de cursos ou seminarios; 1 punto por cada participación en proxectos relacionados).
- Coñecementos (nivel utilizador) de ferramentas de procesamento das linguas naturais (LinguaKit, FreeLing, CoreNLP, UDPipe, etc.): até 10 puntos (1 punto por cada 20h de cursos ou seminarios; 0,5 puntos por cada publicación con revisión por pares na que se utilicen directamente ferramentas de PLN).
- Entrevista persoal (se for necesaria): até 10 puntos.

Publicación da resolución de concesión de contrato:

Taboleiro de anuncios do Departamento de Letras da Facultade de Filoloxía.

A Coruña, 11 de xaneiro de 2018

O Investigador Principal